

	Fixémolo xenial!	Sáfunos bastante ben.	Que deberíamos mellorar?	Parece que nos faltou traballo...
Contido	Soubemos recoller no sketch todo o que queríamos contar, e o guión ten os elementos propios do xénero teatral. (2.5)	En xeral subemos recoller no sketch todo o que queríamos contar, aínda que puídeos traballar un pouco máis o guión. (1.75)	Ao sketch fáltanlle elementos propios do teatro e deberíamos mellorar o guión. Faltoulle calidade ao conxunto. (1.50)	O sketch non tivo os elementos necesarios e faltoulle moito traballo ao guión. (1.25)
Uso da lingua	Coidamos a dicción do texto oral. Ademais, o texto escrito non presenta erros gramaticais nin ortográficos. (2.5)	Coidamos a dicción do texto oral, pero o texto escrito non presenta erros gramaticais nin ortográficos. (1.75)	Poderíamos mellorar a dicción do texto oral. No texto escrito cometemos bastantes erros gramaticais ou ortográficos. (1.50)	Sen dúbida, poderíamos mellorar tanto a dicción do texto oral coma a calidade do texto escrito, que tivo moitos erros. (1.25)
Ensaíos	Coordinámonos ben durante os ensaios, compartimos propostas e cada unha das persoas do grupo aceptamos e aprendemos das suxestións de mellora das compañeiras e dos compañeiros. (2.5)	Coordinámonos ben durante os ensaios e compartimos propostas, aínda que aos membros do grupo nos custou un pouco aceptar as suxestións de mellora das compañeiras e dos compañeiros. (1.75)	Durante os ensaios faltounos coordinación entre os membros do grupo e custounos tanto compartir propostas coma aceptar as suxestións de mellora das compañeiras e dos compañeiros. (1.50)	Non tivemos coordinación entre os membros do grupo nin xurdiu a oportunidade de facer propostas e suxestións de mellora. (1.25)
Posta en escena	Durante a posta en escena notouse que traballamos o guión e que tivemos boa coordinación durante os ensaios, o que contribuíu a crear expectación no público. (2.5)	A posta en escena foi boa e notouse que tivemos boa coordinación durante os ensaios, a pesar dalgúns fallos, e o público estivo bastante atento. (1.75)	A posta en escena tivo dificultades que reflectiron a falta de coordinación dos ensaios, e ao público custoulle manter a atención. (1.50)	Non houbo unha boa posta en escena ou non a puídeos levar a cabo con éxito por mor da falta de coordinación dos ensaios. O público non prestou atención por culpa dos fallos da proposta. (1.25)